



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Ergonomía, Accesibilidade, Deseño Universal e Adaptación Funcional		Código	653G01206	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	5	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Ciencias da SaúdeFisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas				
Coordinación	Pousada Garcia, Thais	Correo electrónico	thais.pousada.garcia@udc.es		
Profesorado	Pousada Garcia, Thais Santos del Riego, Sergio Eduardo	Correo electrónico	thais.pousada.garcia@udc.es sergio.santos.delriego@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Esta asignatura persegue a adquisición e o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos relacionados coa ergonomía, accesibilidade, deseño universal e adaptación funcional con perspectiva rehabilitadora e ocupacional.</p> <p>Descritores: Fundamentos da autonomía persoal nas actividades da vida diaria con e sen adaptacións e/ou produtos de apoio. Terapia Ocupacional para a integración do individuo no seu entorno. Aplicación da actividade ocupacional e estudo ergonómico.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Adquisición dos coñecementos teóricos previos na práctica sobre ergonomía, accesibilidade e deseño universal.	A2	B31	
Fundamentación teórica da Terapia Ocupacional na intervención sobre o medio: influencia do contorno sobre a ocupación humana.	A11		
Adquisición de destrezas de observación e análise do medio: avaliación das condicións do medio social no que as persoas desenvolven as súas ocupacións e da interacción establecida entre os condicionantes individuais, os facilitadores/obstáculos do contorno e as demandas da actividade, promovendo a sostenibilidade medio-ambiental.	A11 A19	B3	
Desenvolvemento do pensamento analítico e crítico aplicado á valoración e ao asesoramento en materia de accesibilidade: planificación dun proceso estruturado de intervención (valoración, asesoramento/propostas de mellora, rexistro) e deseño de contornos favorables e sostibles á ocupación e potenciadores da autonomía.	A8 A11	B3	
Potenciación de habilidades e rigor técnico para o rexistro da información procedente da intervención: desenvolvemento de destrezas de comunicación con outros profesionais e con usuarios, e aprendizaxe para a elaboración de informes técnicos.	A11	B8 B24	C1
Fomento dunha perspectiva social: situar ao estudantantado nun tipo de intervención comunitaria, potenciando a colaboración con profesionais do ámbito do social e, en definitiva, promovendo a súa cooperación hacia a xustiza ocupacional de persoas saudables en contornos sostibles.	A11 A12	B6	C4

Contidos

Temas	Subtemas



Tema 1.- MODELOS DE DISCAPACIDADE, ENFERMEDADE, REHABILITACIÓN, SOCIEDADE E DIVERSIDAD EFUNCIONAL Prof. Sergio Santos del Riego.	Modelo Médico. Modelo Rehabilitador versus Modelo Social. A unión fai a forza. Outros modelos.
Tema 2.- ACCESIBILIDADE UNIVERSAL E ADAPTACIÓN FUNCIONAL. ERGONOMÍA. Prof. Sergio Santos del Riego.	Conceptos básicos.
Tema 3.- CONTORNA. Conceptos Básicos Prof. Sergio Santos del Riego.	Contorna: Saudable, Sostibilidade versus Sustentabilidade e os Dereitos Humanos. - Escalas de valoración de accesibilidade/contorno: Housing Enabler. - Outros aspectos.
Tema 4.- DESEÑO UNIVERSAL. Conceptos básicos Prof. Sergio Santos del Riego.	Deseño Universal: principios básicos (Ron Mace). - Visitabilidade e Adaptabilidade - Saúde e Seguridade. - Outros aspectos.
Tema 5.- MARGINACIÓN SOCIAL Y EXCLUSIÓN SOCIAL. Conceptos básicos Prof. Sergio Santos del Riego.	Marxinación social: Conceptos histórico, actual e segundo satisfacción das necesidades. Exclusión social. Barreiras Sociais e Culturais. Colectivos de exclusión/marxinación/desfavorecidos sociais.
Tema 6.- MARCO LEGAL, ENTORNO Y DESEMPEÑO OCUPACIONAL Prof. Sergio Santos del Riego.	Marco xurídico e legal.
Seminario 1: ROBÓTICA Y DOMÓTICA. Prof. Sergio Santos del Riego	Conceptos básicos. Aproximación con vídeos e teoría discursiva
Seminario 2: ACCESIBILIDAD, VIDA SALUDABLE Y DESARROLLO SOSTENIBLE Prof. Sergio Santos del Riego	Sensibilización colaborativa.
Seminario 3: PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES Prof. Sergio Santos del Riego	Conceptos básicos. Clase invertida
Tema 7.- Intervención sobre o contorno desde a Terapia Ocupacional. Profª. Thais Pousada García	Argumentación teórica. Influencia do contorno sobre a ocupación dos individuos. Metodoloxía de intervención sobre o contorno: -Ergonomía -Deseño universal / Deseño para todas as persoas -Adaptación funcional
Tema 8.- Accesibilidade e deseño universal como medio para a participación. Profª. Thais Pousada García	Valoración e asesoramento de Terapia Ocupacional en materia de accesibilidade dos espazos públicos- - Rexistro da información: criterios para realizar un informe. Criterios de universalidade no deseño de dispositivos e contornos. Accesibilidade vs adaptación funcional.
Tema 9.- Adaptación funcional/Axuste razoable. Profª. Thais Pousada García	Planificación da intervención: valoración e asesoramento desde a Terapia Ocupacional. Deseño de contornos funcionais na vivenda Adaptación Funcional a través da domótica. Deseño de contornos funcionais no posto de traballo Adaptación funcional para a mobilidade na comunidade Realización de informes técnicos. SEMINARIO: Razoamento aplicado a casos prácticos.



Tema 10.- Ergonomía. Profª. Thais Pousada García	Xeneralidades e conceptos. Tipos de Ergonomía. Ergonomía laboral.
Tema 11.- Planificación e deseño ergonómico de produtos. Profª. Thais Pousada García	Obxectivos do deseño ergonómico. Recomendacións baseadas en datos antropométricos. Recomendacións baseadas en características individuais dos individuos. SEMINARIO: -Aplicación de métodos de axuste á intervención de Terapia Ocupacional: adaptación funcional do contorno e análise ergonómica do posto de traballo.
Tema 12.- Metodoloxías de axuste suxeito-contorno-ocupación aplicadas Profª. Thais Pousada García	Introdución aos métodos de axuste como medio para a integración laboral e social. Prevención de Riscos: Peligros e controis. SEMINARIO: - Análise e razoamento aplicado a casos de uso en ergonomía

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A8 A19 B3 B31 C4	24	30	54
Aprendizaxe colaborativa	A2 A8 A11 A12 A19 B6 B8 B24 C1 C4	22	40	62
Proba mixta	A8 B3 B8 C1	2	0	2
Aprendizaxe servizo	A11 A12 A19 B3 B8 B24 C4	2	0	2
Actividades iniciais	A19 B3 B31	2	0	2
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade é común que se reserve a un tipo especial de lección impartida por un/ha profesor/a en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso casi exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. A clase maxistral desenvolverase na modalidade presencial co horario establecido (1 hora / semana).
Aprendizaxe colaborativa	Técnica de traballo individual con exposición pública na clase de Grupo de Docencia Interactiva (GDI) e debate.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.



Aprendizaxe servizo	<p>Actividade que integra o servizo á comunidade coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de competencias a partires da práctica reflexiva. A principal diferenza co voluntariado reside en que os proxectos de ApS dan resposta sempre a resultados de aprendizaxe asociados a unha materia do currículo académico co obxectivo de acadar determinadas competencias propias da titulación na que se enmarca esa materia.</p> <p>A participación nesta metodoloxía é voluntaria para os/as estudantes da materia. Será presentada ao inicio do curso e cada alumno/a decidirá a súa implicación durante o cuadrimestre. Esta metodoloxía implicará a colaboración cunha entidade sen ánimo de lucro da Coruña para o deseño e creación de espazos adaptados e accesibles no fogar.</p>
Actividades iniciais	<p>Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensinanza-aprendizaxe co fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para acadar os obxectivos que se queren acadar, vinculados a un programa formativo. Con ela se pretende obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos coñecementos previos do alumnado.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	A atención personalizada farase, globalmente, mediante tutorías personalizadas directas e virtuais, individuais e grupais.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A2 A8 A19 B3 B31 C4	Avaliación na modalidade de Proba mixta.	0
Aprendizaxe colaborativa	A2 A8 A11 A12 A19 B6 B8 B24 C1 C4	<p>Avaliación continua:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Rúbrica de avaliación do/a estudante polos profesores da materia: Pousada García e Santos del Riego, salvo excepción motivada ou necesidade sobrevida. A rúbrica presentarase ao comezo do curso, quedado dispoñible no campus virtual da materia. <p>Cada docente, segundo dita rúbrica valorará:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O traballo individual realizado e presentado por cada estudante, segundo o sorteo do tema e cronograma que se realizará e publicará ó comenzo da materia para o alumnado integrante dos tres Grupos de Docencia Interactiva (GDIA, GDIB, GDIC) coa presenza de dous profesores (tribunal). (3,5 puntos) - A participación proactiva do/a estudante na materia, tanto a súa participación como avaliador dos traballos dos seus compañeiros, así como a demostración das súas habilidades para a vida (1,5 puntos). No caso de que o estudante participe activamente na metodoloxía de ApS e complete o seu traballo, terá íntegra a nota de participación proactiva (1,5 puntos). <p>A puntuación máxima total da Rúbrica é de 5 puntos (a puntuación obtida será media de ambos os profesores sobre cinco puntos).</p>	50
Proba mixta	A8 B3 B8 C1	- Exame: 5 puntos (media da puntuación obtida nas dúas partes do exame sobre cinco puntos).	50

Observacións avaliación



CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS:

A avaliación final da materia realizarase de acordo cos seguintes criterios:

? 50% corresponderá á avaliación continua (5 puntos)

? 50% á avaliación da proba mixta (5 puntos)

É necesario aprobar as dúas partes para superar a materia (é dicir, ter un mínimo de 2,5 puntos en cada metodoloxía).

se realizará antes das 23:59 horas do xoves anterior á presentación do traballo (0,5 puntos).

? Estrutura do traballo escrito (1 punto)

? Contidos do traballo escrito (1 punto)

? Presentación pública (habilidades expositivas) (1 punto)

- Habilidades para a vida (OMS): autoconñecemento, empatía, comunicación asertiva, relacións interpersonais profesor-estudante, toma de decisións, manexo de problemas e conflitos, pensamento creativo, pensamento crítico, manexo de emocións e sentimentos, manexo de emocións e estrés (0,5 ptos)

- Participación proactiva do estudante durante a exposición dos outros/as compañeiros/as (1 pto). Neste punto tamén se contempla a asistencia do/a estudante aos Grupos de Docencia Interactiva e ás clases dos seminarios.

No caso de que o estudante participe activamente na metodoloxía de ApS e complete o seu traballo, terá íntegra a nota de participación proactiva e de habilidades para a vida (1,5 puntos).

O aprobado nesta avaliación está fixado en 2,5 puntos, resultantes da media das cualificacións dos dous docentes. No caso de non acadar dita puntuación ou NP, valorarase o traballo expositivo ante tribunal conformado, novamente polos dous docentes na segunda oportunidade.

2. PROBA MIXTA: A nota final do exame é a media da parte do exame realizada polo prof. Santos del Riego (5 puntos) coa parte realizada pola profesora Pousada García (5 puntos), A puntuación total máxima da proba mixta é de 5 puntos.

O exame terá lugar na data indicada no calendario oficial aprobado pola Xunta de Facultade e tratará os contidos que ámbolos dous profesores definan durante o cuadrimestre, que inclúe o temario da docencia das sesións maxistras e seminarios, coma a dos traballos expostos polos estudantes que consideren axeitadas.

O aprobado do exame está fixado en 2,5 puntos (sobre 5 posibles) resultantes da media das cualificacións das dúas partes.

CALIFICACIÓN FINAL:

A nota final será o resultado da suma das puntuacións medias (avaliación continua + exame), sempre que o alumno acade o mínimo de 2,5 puntos en cada unha das cualificacións finais (avaliación continua + exame). Se non, a materia suspenderase (ou se indicará a cualificación de Non Presentado (NP), se é o caso) coa cualificación que os profesores determinan independentemente da suma final obtida.

Só se publicarán as cualificacións finais e exames. As cualificacións do exame pódense revisar nos termos e nos formularios establecidos oficialmente; preferentemente serán revisadas conxuntamente pola totalidade do profesorado da materia, se fora posible. A cualificación obtida no traballo comunicaráse a cada estudante de xeito individual. Os estudantes disporán do prazo de 48 horas desde o coñecemento desta nota para facer as revisións cos profesores, de ser o caso.

As últimas valoracións contextuais das cualificacións finais, antes da súa formalización na aplicación informática, están baixo a consideración do profesor responsable da materia. A cualificación final da materia exprésase de acordo co establecido no artigo 5 do RD 1125/2003, do 5 de setembro, para que o sistema de crédito europeo e o sistema de cualificación estean establecidos en títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (publicado no Boletín Oficial do 18 de setembro de 2003). Sistema de clasificación: suspendido (0-4,9), aprobado (5-6,9), notable (7-8,9), destacado (9-10), matrícula de honra (graciable).

APRECIACIÓN SOBRE AVALIACIÓN: No caso de que o alumno non pase unha parte da avaliación (avaliación continua ou exame):

- Se o alumno pasa a avaliación continua e suspende o exame, a materia suspenderase (ou non presentado, NP, segundo o caso), pero só deberá presentarse ao exame na segunda convocatoria.

- Se o alumno non aproba a avaliación continua e pasa o exame, a materia suspenderase (ou non se presentará, NP, segundo o caso), pero só deberá presentar o mesmo ou un novo traballo, a determinar pola profesora responsable da materia, na segunda convocatoria ante tribunal, na data fixada polos profesores, dentro do período de avaliación aprobado no Calendario Académico da Xunta de Facultade, no mesmo día que a data de exames programada. Neste caso, o alumno presentará e exporá o traballo sobre a materia e na data que decidan os profesores (quenes conformarán nesta convocatoria o tribunal avaliador) e optará a un máximo de 3,5 puntos na rúbrica, os correspondentes ao traballo individual (entrega, estrutura, contidos e exposición). A cualificación sobre a participación proactiva e habilidades para a vida do alumno durante o cuadrimestre será a mesma cá da convocatoria anterior (primeira oportunidade).

- Se o alumno non aproba ningunha das dúas partes (avaliación continua e exame), se presentará a ambas partes na seguinte convocatoria: deberán facer o mesmo ou un novo traballo, a criterio da profesora responsable da materia, e presentalo ante o tribunal de profesorado na data fixada polos docentes, dentro do período de avaliación aprobado no calendario académico da Xunta de Facultade, no mesmo día que a data de exames

programada. Neste caso, o alumno presentará o traballo e optará por un máximo de 3,5 puntos na rúbrica. A cualificación sobre a participación proactiva e habilidades para a vida do alumno durante o cuadrimestre será a mesma cá da convocatoria anterior. Do mesmo xeito, tamén debe realizar o exame oficial na data indicada no calendario aprobado en Xunta de Facultade.

Segundo os artigos 22 e 23 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (Modificada polo Consello de Goberno de 29 de xuño de 2017) garantirase, especialmente, o seguinte:

Artigo 22º.- Publicidade das cualificacións: Para garantir o dereito a revisión nas probas orais, a nota será comunicada aos dous días lectivos seguintes á súa finalización, e a revisión estará baseada nos datos recollidos na acta e, no seu caso, nas evidencias gravadas, escritas e doutro tipo recollidas na súa realización. Artigo 23º. Revisión das cualificacións: Os estudantes terán dereito a revisar as actividades, os traballos e as probas que sirvan para a súa avaliación e a recibiren explicación razoada da cualificación que obtiveron. Segundo a norma que regula o réxime de dedicación ao estudo do alumnado de grao na Universidade da Coruña (aprobada no Consello de Goberno do 4/05/2017), cando un(ha) estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) da devandita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación da/o estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa. Por tanto, a concesión á solicitude da devandita flexibilidade quedará á expensas da valoración e decisión da Comisión académica do Grao en Terapia Ocupacional, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias. ADIANTO DE OPORTUNIDADE: Os/as estudantes que desexen solicitar o adiamento de oportunidade, por non superar a materia en cursos académicos anteriores, terán en conta o seguinte:

Deberán facer, entregar e expoñer un traballo asignado pola coordinadora da materia, segundo os contidos da mesma. O traballo será presentado ante o tribunal de profesorado na data fixada dentro do período de avaliación de convocatoria adiantada, no mesmo día que a data programada do exame. Optará por un máximo de 3,5 puntos na rúbrica. A avaliación da participación proactiva do alumno e habilidades para a vida durante o último cuadrimestre cursado polo estudante en convocatoria ordinaria. Trala exposición do traballo, deberá realizar o exame na data indicada no calendario de convocatoria adiantada. Sobre a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación:

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a perda do dereito á oportunidade na que se cometa a falta e respecto da materia na que se tivese cometido. Nas actas figurará un non presentado nesta oportunidade.

Sobre a detección de plaxio:

Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado/a con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.



Fontes de información

Bibliografía básica

Libro blanco de la accesibilidad. Rovira-Beleta y Cuyás, Enrique. Barcelona: UPC, [2003]. ISBN 8483017431. Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade. Diario Oficial de Galicia de 17 de decembro de 2014. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e eliminación de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. Diario Oficial de Galicia de 29 de febreiro de 2000. Salud laboral: conceptos y técnicas para la prevención de riesgos laborales. Carlos Ruiz Frutos [et al.]. Barcelona: Elsevier, 2013. ISBN 9788445821466. Técnicas de prevención de riesgos laborales: seguridad e higiene del trabajo. Madrid: Tebar, 2012. ISBN 978847360479. Legislación sobre Seguridad y Salud en el Trabajo Disposiciones Generales. Osalan, 2001. Legislación sobre Seguridad y Salud en el Trabajo: disposiciones específicas. Osalan, 2001. Domótica e inmótica: viviendas y edificios inteligentes. Cristóbal Romero Morales, Madrid: Ra-Ma, 2010. ISBN 9788499640174. Método de adaptación ergonómica de puestos de trabajo para personas con discapacidad. Valencia: Instituto de Biomecánica de Valencia. 2003 LantegiBatuak. ?Método de adecuación de perfiles de la tarea a la persona?. Vizcaya:Fundación Lantegi Batuak. 2014. Comité de expertos sobre Diseño Universal. Hacia la plena participación mediante elDiseño Universal. Madrid: Instituto de Mayores y Servicios Sociales; 2010.Serie Documentos Técnicos. ONCE.Accesibilidad para personas con ceguera y deficiencia visual. Madrid: ONCE;2003.



Bibliografía complementaria

Enlaces de especial interés para la asignatura: W3C / WAI: <http://www.w3c.org/WAI>, Grupo de trabajo del Consorcio mundial Web que define las directivas y pautas que deben cumplir las páginas web para ser consideradas accesibles. Está en Inglés pero existen una traducción al español realizada por Carlos Egea y disponible en DisWeb (<http://www.disweb.net>) IMSERSO: <http://www.seg-social.es/imserso>. Instituto de Migraciones y Servicios Sociales. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Con información sobre las actividades del gobierno en temas de accesibilidad. Accesible on-line el I Plan Nacional de Accesibilidad 2004-2012. Acceso a las actividades y documentos referentes al ?2003 el año europeo de las personas con discapacidad? CEAPAT: <http://www.ceapat.org>. Centro Estatal de Autonomía Personal y Ayudas Técnicas. El CEAPAT está dedicado expresamente a potenciar la accesibilidad integral y el desarrollo de la tecnología. Promueve la optimización de las ayudas técnicas y el diseño para todos, con el fin de mejorar la calidad de vida de los ciudadanos, con especial apoyo a las personas con discapacidad y personas mayores. Destaca su base de datos de ayudas técnicas accesible a través de Internet Real Patronato Discapacidad. <http://www.rpd.es>. Real Patronato Español de Documentación sobre Discapacidad. Los servicios de documentación, información y publicaciones del Real Patronato constituyen su Centro Español de Documentación sobre Discapacidad (CE2D), el cual ofrece un centro de consulta y una biblioteca especializada, gestiona un conjunto de publicaciones especializadas y publica el Boletín del Real Patronato sobre Discapacidad. Accesible en formato electrónico en la dirección <http://www.rpd.es/bolrp.htm> SIDAR: <http://www.sidar.org>. Fundación Sidar - Acceso Universal. Seminario de Iniciativas sobre Discapacidad y Accesibilidad en la Red. El Seminario SIDAR es un grupo de trabajo permanente y voluntario, integrado por personas expertas en nuevas tecnologías y en su accesibilidad. Con mucha información referente a las actuaciones españolas e internacionales de acceso al ordenador. Destaca el apartado dedicado a la accesibilidad a Internet ONCE: <http://www.once.es>. Organización Nacional de Ciegos de España. Con información referente a las ayudas técnicas para la accesibilidad al ordenador de personas ciegas o con problemas de visión. Destaca su Centro de Investigación, Desarrollo y Aplicación Tiflotécnica (<http://cidat.once.es/>) SID: <http://www.sid.usal.es>. El Servicio de Información sobre Discapacidad, SID, es un servicio documental con un sistema informatizado de acceso vía Internet para la obtención de información sobre discapacidad. Se configura como una red pública puesta en funcionamiento conjuntamente por el Ministerio de Trabajo y de Asuntos Sociales (Instituto de Migraciones y Servicios Sociales-IMSERSO) y la Universidad de Salamanca (Instituto Universitario de Integración en la Comunidad-INICO). En el SID se puede encontrar todo tipo de información relacionada con la discapacidad. Puede encontrarse información sobre normativa, recursos, centros y servicios, organizaciones, ayudas, documentación, actualidad, estadísticas, etc. Disc@pnet: <http://www.discapnet.es>. Portal sobre la discapacidad financiado por la Fundación ONCE y los FEDER de la UE. Test de Accesibilidad Web (TAW): <http://www.tawdis.net>. Herramienta para evaluar la accesibilidad de las páginas Web. Totalmente en español. Su objetivo es difundir la accesibilidad como requisito en el diseño y realización de páginas Web con el fin de permitir el acceso a todas las personas. Dirigido a todas las personas interesada en este tema y especialmente a Webmasters, desarrolladores, diseñadores de páginas Web etc. Fundación Manuel Caracol (Barcelona) <http://www.funcaracol.org/>. Dedicada a la accesibilidad al ordenador de personas con discapacidad visual. Dispone de artículos de interés y manuales de software EdeAN. <http://www.e-accessibility.org/>. Red Europea para el diseño para todos e-accesible (European Design for All e-Accessibility Network). Creada en Julio de 2002 dentro de las iniciativas de acción del Plan e-Europa. Portal con información de todo lo que se está produciendo en Europa en relación a la accesibilidad: eventos, congresos, publicaciones, normativas, etc ACCESO: Unidad de Investigación "Acceso" de la Universidad de Valencia. <http://acceso.uv.es/accesibilidad/>. Recursos de diverso tipo sobre ayudas técnicas, accesibilidad en Internet, Informes, cursos virtuales, etc. Página de la agencia de la Defensa y Desarrollo de la Accesibilidad en Castilla-La Mancha. <http://www.addajccm.com/>. Esta agencia ha nacido en diciembre de 2000, en virtud de un convenio firmado por la Junta de Comunidades de Castilla - La Mancha y Asociación FSC Discapacidad, que pertenece a la Fundación ONCE. URID. Unidad Regional de Información sobre Discapacidad de Castilla-La Mancha. <http://www.infodisclm.com/>. La Unidad Regional de Información sobre Discapacidad es un programa que aborda de forma transversal las diferentes líneas de actuación del Plan Integral de Acción para Personas con Discapacidad en Castilla-La Mancha. Programa ACCESO de Portugal. <http://www.acesso.umic.pcm.gov.pt/>. Programa Nacional para la participación de los ciudadanos con necesidades especiales en la sociedad de la información. IMAGINA. <http://www.imagina.org/>. Iniciativa Múltiple de Atención de Gaps a la Integración, Normalización y Accesibilidad. w3aeiou <http://www.w3aeiou.org/>. W3aeiou pretende fomentar el uso de la Red como



medio de comunicación, es decir, como vehículo para relacionar personas y colectivos. Webs accesibles, eficientes, inteligibles, organizadas y usables. Conceptos, recursos y muchos enlaces de interés. Redmayores.net . <http://www.redmayores.net/>. La red de las personas mayores internautas. Ofrecen cursos a personas mayores y todo la información referente a la tercera edad Grupo de Estudios Sociales, Tiflológicos y Asociativos. <http://www.gesta.org/>. Grupo Portugués de personas con deficiencias visuales. Destaca la publicación del Boletín E-Access. Mensualmente y con actualidad a nivel mundial Minusval 2000.com. <http://www.minusval2000.com/>. La Web de los discapacitados físicos. Página sobre ocio; tiempo libre; amor; sexo y literatura dentro del mundo de las discapacidades físicas. Web del grupo FAR. <http://www.timon.com/far/>. El grupo FAR (Funcionalidad y accesibilidad en la red) tiene como objetivo fundamental contribuir al desarrollo de pautas y herramientas que faciliten la accesibilidad y funcionalidad de los contenidos y servicios Web a todas las personas. Web en donde es posible consultar los avances del grupo así como noticias y artículos relacionados con su actividad. DisWeb2000. <http://usuarios.discapnet.es/disweb2000/>. Información sobre discapacidad. Página personal de Carlos Egea y Alicia Sarabia. Accesibilidad al medio físico y a la Red. Con todo tipo de información, legislación, artículos, etc. Es posible descargarse el libro digital a texto completo ?Diseño accesible de páginas Web 1.0?. Fundacion Accadi. <http://www.accadi.org.ar>. Integración de discapacitados a través de enseñanza y práctica de actividades socioculturales y deportivas no competitivas) ski, fotografía, buceo, campamentos, etc.). En Argentina Red Especial Web. <http://www.redespecialweb.org/>. Red de Integración Especial. Su objetivo es la integración a través del uso de las tecnologías de la información. Ofrece cursos, talleres, congresos virtuales y mucho más. Un punto de encuentro entre personas con y sin discapacidad. DisWeb.org. <http://www.disweb.org/>. Web en donde es posible publicar artículos, quejas, comentarios, etc. sobre la accesibilidad y los problemas que las personas con algún tipo de discapacidad tienen en el desarrollo de sus actividades de la vida diaria. Está en inglés. EMERGIA. <http://www.emergia.net/servicios/usabilidad.asp>. Empresa especialista en analizar la utilidad, facilidad de uso y satisfacción de los usuarios de un sitio Web, es decir, su usabilidad. Descubrimos los problemas de accesibilidad y redactan soluciones para mejorarlos.



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estancias Prácticas II/653G01210

Materias que continúan o temario

Observacións

O cronograma e horario previsto, poderá sufrir modificacións, que serán mínimas, por motivos institucionais, de saúde o causas xustificadas. No caso de que un dos docentes non poida asistir a algunha das sesións programadas de ?aprendizaxe colaborativa? esa sesión será gravada para que dito docente poida visualizala a posteriori. Igualmente, a nota dos estudantes calcularase en base a media obtida na rúbrica de ambos profesores, tendo en conta os criterios establecidos. O docente presente na sesión tomará nota da asistencia e da participación do alumnado durante a mesma. As sesións de aprendizaxe colaborativo serán presenciais, nos Grupos de Docencia Interactiva. Nestas sesións presenciais dos mércores pola mañá; realizarase un programa pioneiro de inclusión dos estudantes do título propio ?Espazo Compartido? (curso de formación específica de posgrao) xunto cos estudantes de Terapia Ocupacional, todos eles coparticiparán conxuntamente nos GDI en igualdade de condicións e oportunidades, co fin de incentivar e favorecer a inclusión desde a diversidade na Universidade da Coruña. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos do "V Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2023-2025)" os traballos documentais que se realicen nesta materia: 1.1. Solicitaranse en formato virtual e/ou soporte informático. 1.2. Realizaranse a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. 1.3. De se realizar en papel: 1.3.1. No se empregarán plásticos. 1.3.2. Realizaranse impresións a dobre cara. 1.3.3. Empregarase papel reciclado. 1.3.4. Evitarase a impresión de borradores. 2. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. 3. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostibilidade nos comportamentos persoais e profesionais. 4. Segundo se recolle nas competencias transversais aprobadas no Consello de Goberno de Maio de 2017 deberase incluír na medida das posibilidades contenidos que inclúan perspectivas de vida saudable, desenvolvemento sostible e dereitos humanos. 5. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas,?). 6. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. 7. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero ou de outra índole e proporanse acción e medidas para corrixilas. 8. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, teñan necesidades para un acceso axeitado, inclusivo e proveitoso á vida universitaria. 9. Nas clases sosterase o principio de debate democrático, escoitando e respectando todas as opinións diversas ao redor dos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías